



BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DE DOUS POSTOS RESERVADOS Á ESCALA DE PROFESORES/AS NUMERARIOS/AS DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR

PRIMEIRA. Normas Xerais.

1.1.- Convócase proceso selectivo para a cobertura temporal, por persoal funcionario interino, de dous postos de profesor/ numerario/a dependentes da Consellería do Mar, ao abeiro do establecido na Sección 3ª do Capítulo I do Título III da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 19 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 9 de maio de 2011 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2008 pola que se establecen as materias que se imparten e as especialidades do profesorado dos centros de ensino pesqueiro e se regula a equivalencia para os efectos de docencia e o procedemento para a cobertura de carácter temporal de prazas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e na vixente relación de postos de traballo da Consellería do Mar (DOG nº 65, do 03/04/2023).

Tras ser solicitada a cobertura dos postos polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, non puido seleccionar o persoal axeitado por non existir nas listas das correspondentes especialidades aspirantes que reunisen os requisitos establecidos; polo anterior e debido á urxente e inaprazable necesidade de cubrir os postos, ao tratarse dun servizo público de carácter esencial, a mesma dirección xeral autorizou excepcionalmente á Consellería do Mar a iniciar un procedemento similar ao establecido no artigo 7.5.b.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, para a cobertura dos postos que se relacionan no cadro seguinte, no que se especifican as súas características, requisitos indispensables para o seu desempeño, de acordo coa relación de postos de traballo (RPT) e titulacións académicas requiridas para o acceso como persoal funcionario interino a cada unha das especialidades indicadas, conforme ás supracitadas Lei 2/2015 e Orde do 9 de maio de 2011.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





Denominación	Código Posto	Destino	Motivo cobertura	Requisitos de desempeño	Titulacións idóneas (Orde 09/05/2011)
PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESPECIALIDADE MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA	PEC994030136235020	Instituto Galego de Formación en Acuicultura Illa de Arousa	Substitución por incapacidade temporal do ocupante	- MASTER QUE HABILITE PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE PROFESOR (Requisito de acceso segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) (*) - MÁSTER EN MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA (Mérito segundo a RPT)	- Licenciatura/Grao en Medicina, ou Grao en Enfermaría, ou equivalente
PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESPECIALIDADE INTERVENCIÓNS SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS	PEC994030136235019	Instituto Galego de Formación en Acuicultura Illa de Arousa	Substitución por incapacidade temporal do ocupante	- ESTAR EN POSESIÓN DO TÍTULO DE MERGULLADOR INSTRUTOR PROFESIONAL E TER ALGUNHA DAS ESPECIALIDADES DO CICLO DE GRAO MEDIO EN OPERACIÓNS SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS (Requisito Indispensable segundo a RPT) - MASTER QUE HABILITE PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE PROFESOR (Requisito de acceso segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) (*)	- Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente
Total efectivos		2			

(*) No que respecta ao máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor, véxase base 2.2.a)

As retribucións serán as básicas e as complementarias que correspondan de acordo co previsto no Capítulo V do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e coa vixente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2.- O sistema de selección será o de concurso de méritos, para o que se aplicará, tendo en conta que se autorizou un procedemento similar ao previsto no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o baremo que nel figura como anexo III, e que, así mesmo, se acompaña como **Anexo I** da presente convocatoria.

1.3.- A Consellería de Facenda e Administración Pública, competente en materia de función pública, de acordo co establecido no artigo 14 da citada Lei 2/2015, do 29 de abril, expedirá as correspondentes credenciais de nomeamento de persoal interino ás persoas seleccionadas.

1.4.- O persoal funcionario interino seleccionado estará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas candidatas deberán reunir, tanto no día que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento do seu nomeamento como persoal interino, os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

- a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito; así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado/a do servizo nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2.2. Requisitos específicos.

- a) Posuír a titulación necesaria e os requisitos indispensables sinalados no cadro da base 1.1. para cada posto ofertado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar un documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Dada a imposibilidade de atopar aspirantes que cumpran todos os requisitos de desempeño dos postos e tendo en conta a urxencia da súa cobertura, que resulta imprescindible para o correcto funcionamento do centro ao que están adscritos, existen razóns de interese público que xustifican a admisión como participantes no proceso das persoas aspirantes que non estean en posesión do **máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor**, tendo en todo caso preferencia sobre estas últimas aquelas outras persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do mesmo, de xeito que si a puntuación dunha persoa que dispoña do máster é inferior á de outra que non dispoña desa titulación, terá preferencia a primeira sobre a segunda.

As razóns de interese público que xustifican a posible exención do máster que habilite para o exercicio da profesión de profesor para poder admitir ao proceso aspirantes que cumpran os outros requisitos de titulación imprescindibles para o desempeño dos postos, acréditanse no informe emitido o 29/09/2023 pola dirección do centro do que dependen, no que se expón o seguinte:





A actividade desenvolvida no IGafa na formación de profesionais para o desempeño da actividade do mergullo engloba dous ámbitos, un é a do ciclo formativo de grao medio correspondente a técnico en operacións subacuáticas e hiperbáricas e o outro é a formación non regrada de mergullo profesional.

O ámbito da formación profesional de mergullo regúlase no Real Decreto 1073/2012, de 13 de xullo, polo que se establece o título de Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas e o Decreto 198/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste último especificase no Artigo 12. Profesorado.

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio de Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para efectos de docencia, para as especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B). 3. *O profesorado especialista terá atribuída a competencia docente dos módulos profesionais especificados no anexo III A).* 4. *O profesorado especialista deberá cumprir os requisitos xerais exixidos para o ingreso na función pública docente establecidos no artigo 12 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei.* 5. *Ademais, co fin de garantir que responda ás necesidades dos procesos involucrados no módulo profesional, cómpre que o profesorado especialista acredite no comezo de cada nomeamento unha experiencia profesional recoñecida no campo laboral correspondente, debidamente actualizada, con polo menos dous anos de exercicio profesional nos catro anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.*

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, no que se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos: – Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais. – Se os devanditos obxectivos non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe.

Actualmente os requisitos para cubrir a praza de Profesor Especialista no Ciclo de Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas son Licenciado ou Grado, Master de Formación do Profesorado ou equivalente e Instrutor de mergullo





con algunha ou varias das especialidades requiridas para a formación que se vai a impartir. No caso do módulo de Fisiopatoloxía do mergullo e emerxencias requírese Licenciado en Medicina ou Diplomatura en Enfermería, Master de Formación do profesorado ou equivalente e a especialidade de Medicina Subacuática e Hiperbárica.

Tamén é aplicable no caso do Profesor especialista en Intervención Subacuática e Hiperbárica por facer inmersións e supervisar as dos alumnos, ter a súa tarxeta profesional de mergullo en vigor e cumprir cos requisitos impostos pola Orden de 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra parte, no IGAFA se imparte tamén a seguinte formación non regrada de mergullo profesional e que na actualidade non se pode impartir pola falta dos postos da especialidade Intervención Subacuática e Hiperbárica e Medicina Subacuática e Hiperbárica:

- *Curso de Iniciación ao mergullo profesional*
- *Cursos de mergullo profesional de 2ª clase restrinxida e 2ª clase.*
- *Curso de mergullo profesional de 1ª clase*
- *Certificado de extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo*

No caso do posto da especialidade Medicina Subacuática e Hiperbárica, tamén imparte especificamente formación nos seguintes cursos, imprescindibles para a práctica do mergullo profesional conxuntamente coa certificación obtida nos cursos non regrados anteriormente mencionados.

- *Curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais Nivel I e II*
- *Reciclaxe de primeiros auxilios para Mergulladores profesionais*

Outras das funcións que desenvolven os profesores e realizar e validar as probas de acceso ao ciclo regrado de FP e os cursos non regrados mediante validación da documentación aportada e a realización de probas físicas e hiperbáricas, que unha vez superadas permiten facer a formación.

O IGAFA ademais e Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo e o único centro de Galicia onde é posible obter esta formación para profesionais do mergullo, os futuros e os que actualmente están en activo.

Actualmente ten condicionada a súa actividade pola ausencia de estes dous docentes, que pon en risco grave o desenvolvemento do Ciclo de Formación Profesional Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas que actualmente se atopa iniciado o curso 2023-2024, e tamén imposibilita o acceso a formación de mergullo profesional, no caso da formación de profesionais para o traballo ou o desempeño da actividade nos que xa teñen o título profesional pero non poder traballar por non poder actualizar a formación en Primeiros Auxilios.

- b) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o título Celga 4,





curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

TERCEIRA. Solicitudes, prazo e documentación a presentar.

3.1. De xeito similar ao establecido no artigo 7.5.b) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, ademais das persoas candidatas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, ao que se cursará oferta xenérica dos postos obxecto desta convocatoria, todas aquelas persoas que desexen participar neste proceso deberán cumprimentar e presentar debidamente cuberto o modelo de solicitude que figura como **Anexo II** a estas bases, no **prazo de dez (10) días hábiles** a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería do Mar.

As solicitudes, dirixidas á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela), nas súas xefaturas territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros de consignación nel como a non comunicación de cambios de domicilio.

3.2. Documentación que deberán presentar as persoas candidatas xunto coa solicitude:

- a) Copia do DNI
- b) Copia das titulacións e acreditacións requiridas na base 2.2

Todos os méritos que as persoas aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada polas administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario/a.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá estar acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional as persoas interesadas poderán poñerse en contacto telefónico co/s seguinte/s número/s **981544057/62/64**, en horario de 09:00 a 14:00.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





3.3. Expirado o prazo de presentación de solicitudes o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) a resolución cunha lista provisional de persoas admitidas e excluídas para cada posto ofertado.

Na lista constará, en todo caso, o número cifrado do documento de identidade, ou documento equivalente, e a condición acadada, de persoa admitida ou excluída. No caso das persoas excluídas farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas ou excluídas para cada posto ofertado.

CUARTA. Tribunal de Selección.

4.1. Por resolución desta mesma data, a Secretaria Xeral Técnica nomeou aos membros do tribunal de selección (**Anexo III**). Respecto á válida constitución e adopción de acordos do Tribunal de Selección, como ao resto dos aspectos do proceso selectivo, estarase ao establecido nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas membro do tribunal deberán absterse de intervir notificándollo á secretaria xeral técnica, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A presidencia solicitará ás persoas membro do tribunal declaración escrita expresa de non estar incursas nas circunstancias antes citadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal de Selección poderá incorporar persoal de asesoramento. Estas persoas deberán cumprir os requisitos esixidos para o membros do Tribunal de Selección.

4.2. Funcións do Tribunal de Selección:

- Avaliar a acreditación requirida e outorgarlles a cualificación as persoas aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso selectivo e o resultado final, que será remitido ao órgano convocante.
- Resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





- Propor á Secretaría Xeral Técnica, órgano convocante do presente proceso, as persoas candidatas que obtiveron maior puntuación a efectos do seu nomeamento polo órgano competente.
- Interpretar o contido destas bases.

As comunicacións e demais incidencias serán dirixidas ao Tribunal de Selección, á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781, Santiago de Compostela.

QUINTA. Cualificación e selección das persoas aspirantes.

5.1. Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo.

Unha vez cualificadas as persoas aspirantes conforme á base 1.2. da presente convocatoria, o Tribunal de Selección publicará na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>) a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo para cada posto ofertado, concedendo un prazo de reclamación de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

5.2. Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo de reclamacións, o Tribunal de Selección publicará, polos mesmos medios, a lista definitiva coas puntuacións respectivas para cada posto ofertado.

5.3. Criterios de desempate.

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en Materia de Igualdade, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos xéneros existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola resolución do ano en curso pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.4. Resolución da convocatoria.

O Tribunal de Selección propondrá a persoa candidata para cada un dos postos ofertados á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, que de estar conforme elevará a dita proposta á Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para os nomeamentos de persoal funcionario interino, que resolverá mediante resolución motivada, que será publicada na páxina web da consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl>). Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





As persoas nomeadas deberán tomar posesión dos postos no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da Resolución na páxina web da consellería do Mar; en caso de non producirse a toma de posesión nese prazo, entenderase a súa renuncia e procederase ao chamamento da seguinte persoa candidata con maior puntuación para o posto de que se trate.

5.5. Lista de suplentes.

As persoas candidatas que finalmente non fosen nomeadas, nin tivesen renunciado expresa ou tacitamente ao nomeamento, pasarán a formar parte dunha lista de suplentes para cada posto ofertado que se fará pública coa lista definitiva de puntuacións, procedendo ao chamamento das persoas candidatas segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.

A vixencia destas listas coincidirá coa duración do motivo que xustifica a cobertura temporal dos postos obxecto da presente convocatoria, sen que este prazo poida exceder en ningún caso os tres anos.

5.6. Datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal dos candidatos serán tratados coa finalidade de xestión xeral de recursos humanos, segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

A base xurídica do tratamento xustifícase no artigo 6.1 do RXP, apartados a), b), c) e e).

Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar destas e do tratamento dos datos e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

A secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar é a responsable do tratamento dos datos. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou limitación do tratamento dirixíndose ao responsable no enderezo <https://www.xunta.gal>. En caso de incumprimento do responsable do tratamento, os interesados poderán reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

SEXTA. Recursos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses, contados

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un (1) mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SÉTIMA. Disposición final.

A participación neste proceso selectivo por parte da persoa candidata supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A secretaria xeral técnica
Silvia Cortiñas Fernández

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





ANEXO I – BAREMO DE MÉRITOS

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación das alíneas a), b) e c) non poderá exceder de 5 puntos.

4. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escola oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Publico de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria:
 - Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
 - Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
 - Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.
5. Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.
 - En grao de iniciación/Celga 3: 0,50 puntos.
 - En grao de perfeccionamento/Celga 4: 0,75 puntos.
 - Outro grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

6. De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo ao disposto na base 5.3 da presente convocatoria.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DE DOUS POSTOS, RESERVADOS Á ESCALA DE PROFESORES/AS NUMERARIOS/AS DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR

(Datos da persoa solicitante cando é unha persoa física)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na Consellería do Mar e ao tratamento dos mesmos.

A PERSOA SOLICITANTE OPTA Á COBERTURA TEMPORAL DO/S SEGUINTE/S POSTO/S (Ver base 1.1):

- ☐ PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESP. MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA, PEC994030136235020 – IGafa – Illa de Arousa
- ☐ PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESP. INTERV. SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS, PEC994030136235019 – IGafa – Illa de Arousa

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- ☐ Copia do D.N.I
- ☐ Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- ☐ Copia das titulacións requiridas:
-
-
- ☐ OUTRA (MÉRITOS):
-
-
-

Fago constar que a presente documentación consta de ___ folios, numerados correlativamente do 1 ao

--

Lugar e data:
Sinatura

Asdo.:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR
Edificio Administrativo San Caetano, 5, 15781 - Santiago de Compostela

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





ANEXO III

RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA TEMPORAL POR PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DE DOUS POSTOS RESERVADOS Á ESCALA DE PROFESORES/AS NUMERARIOS/AS DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS, DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DO MAR

Por parte desta Secretaría Xeral Técnica iniciáronse os trámites para a cobertura de dous postos dependentes da Consellería do Mar reservados á escala de profesores/as numerarios/as de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros (subgrupo A1) polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral da Función Pública, órgano competente para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, non puido seleccionar o persoal axeitado por non existir nas listas correspondentes ás especialidades solicitadas, aspirantes que reunisen os requisitos establecidos; polo anterior e debido á urxente e inaprazable necesidade de cubrir os postos, a mesma dirección xeral autorizou excepcionalmente á Consellería do Mar a iniciar un procedemento similar ao establecido no artigo 7.5.b.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, para a cobertura dos postos que se relacionan no cadro seguinte por persoal funcionario interino:

Denominación	Código Posto	Destino	Motivo cobertura	Requisitos de desempeño	Titulacións idóneas (Orde 09/05/2011)
PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESPECIALIDADE MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA	PEC994030136235020	Instituto Galego de Formación en Acuicultura Illa de Arousa	Substitución por incapacidade temporal do ocupante	- MASTER QUE HABILITE PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE PROFESOR (Requisito de acceso segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) - MÁSTER EN MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA (Mérito segundo a RPT)	- Licenciatura/Grao en Medicina, ou Grao en Enfermaría, ou equivalente
PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESPECIALIDADE INTERVENCIÓN SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS	PEC994030136235019	Instituto Galego de Formación en Acuicultura Illa de Arousa	Substitución por incapacidade temporal do ocupante	- ESTAR EN POSESIÓN DO TÍTULO DE MERGULLADOR INSTRUTOR PROFESIONAL E TER ALGUNHA DAS ESPECIALIDADES DO CICLO DE GRAO MEDIO EN OPERACIÓNS SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS (Requisito Indispensable segundo a RPT) - MASTER QUE HABILITE PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE PROFESOR (Requisito de acceso segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)	- Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente
Total efectivos		2			

Polo exposto, esta Secretaría Xeral Técnica, no uso das facultades conferidas polo artigo 17 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e en exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 58, do 26 de marzo de 2021), modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro (DOG nº 239, do 19 de decembro de 2022), e ao abeiro do establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG nº 41, do 1 de marzo de 2022), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2022 (DOG nº 57, do 23 de marzo),

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





DISPÓN:

1.- A composición do **tribunal** para a selección do persoal funcionario interino necesario para a cobertura temporal dos postos indicados será a seguinte:

Presidencia: Carlos Gabín Sánchez, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1

Secretaría: Manuel Lago Molares, persoal funcionario de carreira do corpo superior, subgrupo A1

Vogais:

- Ana M^a Martínez Rubal, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1
- Carmen de Benito Caula, persoal funcionario de carreira do corpo superior, subgrupo A1
- Luis Manuel Rodríguez González, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1

2.- A composición do **tribunal suplente** do anterior será a seguinte:

Presidencia: Bernardo Fernández Souto, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1

Secretaría: Irene Oti Cabanelas, persoal funcionario de carreira do corpo superior, subgrupo A1

Vogais:

- Ángel Manuel Rosende Fernández, persoal funcionario de carreira da escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, subgrupo A1
- Sonia Lorenzo Santos, persoal funcionario de carreira do corpo superior, subgrupo A1
- Fernando Manuel Febrero Mayor, persoal funcionario de carreira da escala de ciencias, especialidade bioloxía, subgrupo A1

3.- As persoas membros do tribunal deberanse abster de formar parte del ou poderán ser recusadas cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a consellería do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou poderase impugnar directamente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme ao disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Silvia Cortiñas Fernández

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

